

Premiados da D.O. Ribeira Sacra na XXXI Cata dos Viños de Galicia

A Consellería de Medio Rural, coa colaboración dos Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe Ribeiro, Valdeorras, Rías Baixas, Monterrei e Ribeira Sacra, organiza a Cata dos Viños de Galicia, que este ano chegou á súa XXXI edición. A cata celebrábase o pasado mes e a última hora da tarde de onte entregáronse os premios aos mellores viños.

A **D.O. Ribeira Sacra** obtivo os seguintes **premios**:

- Acio de Ouro ao mellor tinto da Denominación de Orixe Ribeira Sacra para Casa Moreiras de Casa Moreiras S.L.
- Acio de Ouro Tinto en Viños de elaboracións con madeira para 12 Adega Vella Barrica de Jorge Feijoo González.
- Acio de Ouro en Viños Ecolóxicos para Abadía da Cova de Adegas Moure S.A.

E desde hoxe e ata o venres a D.O. Ribeira Sacra participa no **"Mondial des Vins Extremes"**, que se celebra en Aosta ata este sábado. A D.O. Ribeira Sacra presenta a este certame **51 mostras de 35 adegas**. 44 mostras corresponden a viños tintos e 7 a brancos.

En España as únicas D.O. participantes son **Canarias, Priorat e Ribeira Sacra**. Estamos en territorios de **"viticultura heroica"**, denominación á que se chega por unhas condicións orográficas que non permiten a mecanización, viñedos de pequeno tamaño frecuentemente organizados en terrazas de cultivo; condicións climáticas adversas ou/e porque o viñado se atopa en zonas xeográficas con paisaxes de elevada beleza e con carácter turístico.